



ESTATUTOS DA "ASOCIACIÓN BUXAINA DE ACCIÓN SOCIO-EDUCATIVA"

CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º.- 1.- Constitúese unha asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. A asociación ten a seguinte denominación "ASOCIACIÓN BUXAINA DE ACCIÓN SOCIO-EDUCATIVA"

2.- A asociación rexerese por estes estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º.- O domicilio principal e permanente da asociación radicará na localidade de Santiago de Compostela, rúa Raiola, nº 1 C.P. 15702.

Artigo 3º.- A asociación, en función dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da comunidade autónoma de Galicia.

Artigo 4º.- 1.- A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

2.- A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5º.- 1.- Son fins principais da asociación:

a.- A realización de todo tipo de estudos, informes, investigacións, proxectos, consultorías e asistencias técnicas en relación coa infancia, as familias, a saúde, o lecer e o tempo libre.

b.- A prestación e xestión de todo tipo de servizos profesionais en materia educativa.

2.- Para levar a cabo os seus fins, poderá a asociación organizar as seguintes actividades:

a.- de prestación de servizos educativos a terceiros, no ámbito formal, non formal e informal.

b.- de desenvolvemento de proxectos de acción social.

c.- de educación no tempo libre.

d.- de formación de profesionais de tempo libre.

e.- de formación de profesionais relacionados coa primeira infancia.

f.- de formación para as familias.

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre os asociados nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.



CAPÍTULO II DOS ASOCIADOS

Artigo 6º.

- 1- Poderán ser integrantes da asociación todas aquelas persoas físicas, con plena capacidade de obrar e as persoas xurídicas tralo acordo do seu órgano competente, que non teñan débedas pendentes coa asociación e que teñan interese no desenvolvemento dos fins da asociación.
- 2.- Poderán ser integrantes da asociación na súa sección **xuvenil** os menores non emancipados de máis de 14 anos co consentimento, documentalmente acreditado, das persoas que deban suplir a súa capacidade.
- 3.-Os acordos de admisión de asociados e asociadas tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición por escrito da persoa que desexa ser admitida.

Artigo 7º.- Dentro da asociación poderán existir as seguintes clases de asociados:

- a) Fundadores, aquelas persoas que subscribiron a acta fundacional.
- b) Numerarios, aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á subscripción da acta fundacional.
- c) Honorarios, aquelas persoas que, a xuízo da Asemblea Xeral, axuden de xeito notable ao desenvolvemento dos fins da asociación.
- d) **Xuvenís**, aquelas persoas menores de 18 anos que participen na asociación, que estarán integradas na sección **xuvenil**, no seu caso.

Artigo 8º.

1.-A condición de asociado pérdese:

1. Por vontade propia.
2. Por falta de pago de 4 cotas.
3. Por incumprimento das súas obrigas ou a realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da Asociación, previo expediente disciplinario, con audiencia do interesado.
4. Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

2.-A expulsión de asociados e asociadas nos supostos dos apartados b) e c) do parágrafo anterior, será acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia do interesado. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 9º.- Os asociados e asociadas teñen os seguintes dereitos:

1. Participar nas actividades da asociación e nos órganos de goberno e representación, exercer o dereito de voto, así como asistir á Asemblea xeral, de acordo cos estatutos.
2. Ser informado da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
3. Ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el e ser informado dos feitos que dean lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, imponha a sanción.
4. Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou aos estatutos.

Os asociados e asociadas honorarios e **xuvenís** non intervirán na dirección da asociación nin nos órganos de representación dela. **Os asociados e asociadas honorarios** están facultados para asistir ás asembleas xerais con voz, pero sen voto.



Artigo 10º.- Son obrigas dos asociados e asociadas:

1. Compartir as finalidades da asociación e colaborar para a súa consecución.
2. Pagar as cotas que se establezan.
3. Desempeñar os cargos para os que foron elixidos.
4. Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.
5. Acatar o contido dos estatutos.
6. Ter unha boa conduta individual e cívica.

CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11º.- A dirección e administración da asociación serán exercidas polo presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Artigo 12º.

1.- O **presidente** da asociación será designado pola Asemblea Xeral entre os asociados e o seu mandato durará 2 anos. Será asistido nas súas funcións por un vicepresidente, que o substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

2.- O presidente terá as seguintes atribucións:

- a) Representar a asociación perante calquera organismo público ou privado.
- b) Convocar e presidir as sesións que celebre a Xunta Directiva; presidir as sesións da Asemblea Xeral; dirixir as deliberacións dunha e outra, e decidir con voto de calidade, no caso de empate.
- c) Executar os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- d) Ordenar os pagamentos acordados validamente.
- e) Asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación xunto co secretario ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

Artigo 13º.

1.- A **Xunta Directiva** estará formada polo presidente da asociación, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro e 3 vocais.

2.- Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas en que poidan incurrir por actuacións relacionadas coa asociación.

3.- A Asemblea Xeral será a competente para elixir os cargos da Xunta Directiva. A súa duración será por un período de 2 anos, aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

4.- Os cargos cesarán na súa función por:

- a) falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.
- b) renuncia voluntaria.
- c) transcurso do prazo para o que foron elixidos.
- d) acordo de cesamento de toda a Xunta Directiva adoptado por 2/3 dos asociados reunidos en Asemblea Xeral extraordinaria convocada para tal efecto.

A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ao cesamento automático, senón que se deberá facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ao día do sucesor.

As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 persoas, que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro.



Artigo 14º.- A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

1. Programar e dirixir as actividades asociativas.
2. Levar a xestión administrativa e económica da asociación.
3. Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
4. Convocar e fixar a data da Asemblea Xeral.
5. Proponerlle á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para os asociados.
6. Designar as comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.
7. Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.
8. Resolver sobre as solicitudes de ingreso de novos asociados.
9. Proponer o plan de actividades da asociación á Asemblea Xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
10. Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan.
11. Aquelas que non veñan atribuídas expresamente a outro órgano da asociación.

Artigo 15º.

- 1.- A Xunta Directiva será convocada polo presidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes.
- 2.- Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, da metade máis un dos seus membros e, en todo caso, do presidente ou vicepresidente e o secretario ou persoa que o substitúa. O secretario ou, no seu defecto, o vocal que o substitúa, levantará acta das sesións, que se transcribirá no libro de actas.

Artigo 16º.- Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de acadar delas as informacións necesarias. Formarán parte das ditas comisións o número de asociados que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seus respectivos presidentes.

Artigo 17º.- A **Asemblea Xeral** de asociados e asociadas é o órgano de expresión da vontade da asociación e estará formada por tódolos integrantes desta. O presidente e o secretario da asemblea serán o presidente e o secretario da Xunta Directiva.

Artigo 18º.- A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario como mínimo unha vez ao ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 10% dos socios. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ao presidente, autorizado coas sinaturas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 19º.- A Asemblea Xeral Ordinaria reunirse necesariamente no período que vai desde o mes de xaneiro a abril. Tanto a Asemblea Ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación polo/a presidente/a da Xunta Directiva. As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por escrito, expresando o lugar, o día e hora da reunión así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos a tratar.



Artigo 20°.- Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

1. Aprobar o plan de actividades.
2. Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
3. Aprobar os presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.
4. Examinar e aprobar as cotas.

Artigo 21°.- Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

1. Modificar os estatutos da asociación.
2. Elixir e cesar os integrantes da Xunta Directiva.
3. Aprobar a federación con outras asociacións.
4. Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
5. Acordar a disolución da asociación.
6. Designar os/as liquidadores/as.
7. Ratificar a expulsión de asociados e asociadas a proposta da Xunta Directiva.
8. Solicitar a declaración de utilidade pública da asociación.
9. Aprobar o regulamento de réxime interno da asociación.
10. As que sendo de competencia da asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar á súa convocatoria, sen grave prexuízo para a asociación.
11. Todas as non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou á Xunta Directiva.

Artigo 22°. A Asemblea Xeral quedará validamente constituída sempre que concorran a metade máis un dos asociados na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes, pero, en todo caso, coa presenza do presidente ou vicepresidente e o secretario ou persoa que o substitúa.

Artigo 23°.- Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos aos apartados do 1 ao 7 do artigo 21°, que requirirán maioría de dous terzos. A continuación levaranse os acordos ao libro de actas e asinarao o/a presidente/a, o/a secretario/a da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada pola maioría dos membros presentes.

Artigo 24°.- Os acordos adoptados conforme aos preceptos anteriores obrigarán a todos os/as asociados/as, incluso aos/ás non asistentes.

As sesións abranse cando así o determine o presidente. Seguidamente procederase por parte do secretario á lectura da acta da asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente, o secretario procederá a presentar a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose ao debate e á aprobación dos correspondentes acordos nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia de que se trate.

Artigo 25°.- Os acordos que vaian contra estes estatutos ou infrinxan os fins da asociación poderán ser recorridos en reposición diante da Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdición ordinaria.

Artigo 26°.- 1. O secretario recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de asociados e terá ao seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Correspóndelle, así mesmo, notificar as convocatorias,



custodiar as actas e expedir certificacións destas co visto e praxe do presidente. O secretario tamén levará o inventario dos bens da asociación nun libro establecido para este efecto.

2. Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade do secretario, o presidente designará entre os vocais a un que desenvolva esta función.

Artigo 27°.- 1. O tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o presidente, levará a contabilidade da asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, elaborará o borrador de orzamentos da asociación así como as contas de resultados e balances.

2. O tesoureiro ten a obriga de proceder ao peche do exercicio orzamentario antes do 15 de decembro, co fin de que as contas estean a disposición dos membros da asociación nos quince días anteriores á celebración da asemblea ordinaria.

Artigo 28°.- Os vocais terán as seguintes atribucións:

1. Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
2. Desempeñar os traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

CAPÍTULO IV RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 29°.- A asociación no momento da súa constitución carece de Fondo social.

Artigo 30°.- A asociación funcionará en réxime de presuposto anual, con partidas diferenciadas de ingresos e gastos. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural. O borrador de presuposto será elaborado polo tesoureiro da asociación, que deberá telo preparado antes do un de xaneiro de cada ano, a fin de que poida ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 31°.- A asociación manterase dos seguintes recursos:

1. As cotas periódicas dos/as asociados/as.
2. As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola asemblea.
3. As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
4. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
5. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 32°.- A Asemblea Xeral Ordinaria, a proposta da Xunta Directiva, aprobará tanto as cotas ordinarias como as extraordinarias que non serán reintegrables en ningún caso. O recadado dedicarase a atender as necesidades da asociación.

Artigo 33°.- Anualmente, con referencia ao ultimo día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos/as asociados/as, durante un prazo non inferior a 15 días anteriores ao sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.



Artigo 34°.- Para a disposición de fondos das contas que a asociación ten nas entidades bancarias será necesaria a sinatura conxunta do presidente e do tesoureiro.

Artigo 35°.- Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os/as asociados/as os recursos obtidos pola asociación.

CAPÍTULO V DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 36°.- O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos, como o procedemento de elección dos membros da Xunta Directiva e o procedemento disciplinario, e non pode ir en ningún caso en contra do estipulado neles. En todo caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VI MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN











Artigo 37°.- Os presentes estatutos só poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto, adoptado polas 2/3 partes dos asociados. A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto das modificacións propostas.

Artigo 38°.- A asociación disolverase voluntariamente por acordo dos asociados adoptado polas 2/3 partes dos asistentes á Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto.

Artigo 39°.- Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores, que xunto co/a presidente/a e o/a tesoureiro/a, procederán para efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Artigo 40°.- O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra asociación non lucrativa e inscrita na comunidade autónoma que teña iguais ou similares fins que os desta asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da asociación.

Ferrador     
Vogel  *Isabel Ríos* 
  

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Quedan VISADOS os presentes ESTATUTOS de ASOCIACIÓN.....
correspondendolle o número 18424, Sección 1ª
do REGISTRO CENTRAL desta Comunidade Autónoma.

Santiago de Compostela

05 MAI. 2014

O/A ENCARGADO/A DO REGISTRO



María Amadora Rodríguez Carreira

(1) BUXAINA DE ACCIÓN SOCIO-EDUCATIVA



**ACTA FUNDACIONAL DA
“ASOCIACIÓN BUXAINA DE ACCIÓN SOCIO-EDUCATIVA”**

Na localidade de Santiago de Compostela, o día 15 de abril do ano 2014 ás 12 horas, reúnense:

D^a. María Teresa Quelle Vidal con DNI 33857314A veciña de Burela, avda. Arcadio Pardiñas, nº 110, C.P. 27880, concello de Burela, provincia de A Coruña e con nacionalidade española.

D. José Pablo Franco López con DNI 33333520B veciño de Lugo, rúa Erín 17 PO3C, C.P. 27002, concello de Lugo, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D. Rodolfo Luís Ferradás Blanco con DNI 33204391G veciño de Santiago de Compostela, rúa Raiola, nº 1, C.P. 15702, concello de Santiago de Compostela, provincia de A Coruña e con nacionalidade española.

D^a. María Xosé González Cruz con DNI 33328199A veciña de Begonte, rúa Río Ladra 17 P Baixa, C.P. 27003, concello de Lugo, provincia de Lugo e con nacionalidade española.

D^a Herminia Piñón Custodio con DNI 76932930T veciña de Ponte-Caldelas, lugar Santa Ana, nº 70, C.P. 36828, concello de Ponte-Caldelas, provincia de Pontevedra e con nacionalidade española.

D. Fernando Sueiro Barreiro con DNI 32823639V veciño de A Coruña, rúa César Alvajar Diéguez 1 PO1 B, C.P. 15009, concello de A Coruña, provincia A Coruña e con nacionalidade española.


D^a. María de los Dolores Alvedro Cao con DNI 32785967L veciña de A Coruña, Rnda. Monte Alto 24 PO8 D, C.P. 15002, concello de A Coruña, provincia de A Coruña e con nacionalidade española.

D^a. Beatriz López Seijo con DNI 44810510R veciña de Milladoiro, rúa Travesa 4 PO3 F, C.P. 15895, concello de Ames, provincia de A Coruña e con nacionalidade española.

D^a. Vanessa Loureiro García con DNI 44836757M veciña de Padrón, rúa Bordel, nº 11 - 3º D, C.P. 15900, concello de Padrón, provincia de A Coruña e con nacionalidade española.

D^a. Iria Mantilla Álvarez con DNI 36098536J veciña de Vigo, rúa Condesea Casa Bárcena 9 PO2 D, C.P. 36204, concello de Vigo, provincia de Pontevedra e con nacionalidade española.

D^a. M^a Teresa Saco Coya con DNI 34963909E veciña de Gustei, rúa Camiño da Costa, nº 3 C.P. 32100, concello de Coles, provincia de Ourense e con nacionalidade española.





D^a. Rocío Buño Mallo con DNI 44845408P veciña de Tordoia, lugar Vilar-Castenda nº9, C.P. 15684, concello de Tordoia, provincia de A Coruña e con nacionalidade española.

D^a Isabel Río Salgado con DNI 17739014B veciña de A Coruña, Rúa Antonio Ríos, nº 4, C.P. 15009, provincia de A Coruña e nacionalidade española.

Todos eles maiores de idade e con capacidade de obrar ACORDAN:

A). Constituír unha asociación sen ánimo de lucro, ao abeiro da vixente Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, denominada “ASOCIACIÓN BUXAINA DE ACCIÓN SOCIO-EDUCATIVA” que desenvolverá preferentemente as súas actividades no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e terá o seu domicilio en Santiago de Compostela, Rúa raiola, nº 1, D.P. 15702.

Os seus fins principais son:

1.1.- A realización de todo tipo de estudos, informes, investigacións, proxectos, consultorías e asistencias técnicas en relación coa infancia, as familias, a saúde, o lecer e o tempo libre.

1.2.- A prestación e xestión de todo tipo de servizos profesionais en materia educativa.

2.- Para levar a cabo os seus fins, poderá a asociación organizar as seguintes actividades:

2.1.- de prestación de servizos educativos a terceiros no ámbito formal, non formal e informal.

2.2.- de desenvolvemento de proxectos de acción social.

2.3.- de educación no tempo libre.

2.4.- de formación de profesionais de tempo libre.

2.5.- de formación de profesionais relacionados coa primeira infancia.

2.6.- de formación para as familias.

B). Consensuar os estatutos polos que se vai rexer a asociación lidos neste mesmo acto e aprobados pola unanimidade dos asistentes, que se incorporan como anexo a esta acta.

C). Elixir o órgano provisional de goberno da asociación, composto polas persoas que se relacionan de seguido, ás que se faculta para a tramitación da inscrición da asociación no rexistro correspondente de asociacións:



Presidente/a: D. José Pablo Franco López DNI nº 33333520B con domicilio en Erín, nº 17 - 3º C localidade Lugo , con teléfono 687938215

Vicepresidente/a: D. Iria Mantilla Álvarez DNI nº 36098536J con domicilio en rúa Condesea Casa Bárcena, nº 9 - 2º D, localidade Vigo , con teléfono 615083431

Secretario/a: D. Rodolfo Luís Ferradças Blanco DNI nº 33204391G con domicilio en rúa Raiola, nº 1, localidade Santiago de Compostela, con teléfono 647344231

Tesoureiro/a: D. Mª Teresa Quelle Vidal DNI nº 33857314A con domicilio en Avda Arcadio Pardiñas, nº 110 - 1º localidade Burela, con teléfono 609582850

Vocais:

1º.- D. Herminia Piñón Custodio DNI nº 76932930T con domicilio en Santa Ana, nº 70 localidade Ponte Caldelas, con teléfono 667790140


2º.- D. Mª Teresa Saco Coya DNI nº 34963909E con domicilio en Camiño da Costa, nº 3 localidade Gustei, con teléfono 696986266

3ª.- D. Fernando Sueiro Barreiro DNI nº 32823639V con domicilio en rúa César Alvajar Diéguez, nº 1 - 1º B localidade A Coruña, con teléfono 606387286


E sen máis asuntos que tratar levántase a sesión, cando son as 13 horas do día 15 de abril de 2014.


Sinatura de todos/as os/as promotores/as ou fundadores/as:

PRESIDENTE



JOSÉ PABLO FRANCO
33333520-B


SECRETARIO


R. L. FERRADÇAS
33204391G
VOCAL 1º


Herminia Piñón Custodio
76932930T

VICEPRESIDENTE


IRIA MANTILLA ÁLVAREZ
36098536J
TESOUREIRO


Mª TERESA QUELLE VIDAL
VOCAL 2º 33857314A


Mª Teresa Saco Coya
34963909E



FERNANDO SUEIRO BARRERO
32823639U

REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

VOCAL 3º

ACTA DA XUNTANZA
“ASOCIACIÓN BUXAINA DE ACCIÓN SOCIO-EDUCATIVA”

Na localidade de Santiago de Compostela, o día 15 de Maio do ano 2014 ás 12 horas, reúnense:

- D^a. María Teresa Quelle Vidal con DNI 33857314A veciña de Burela, avda. Arcadio Pardiñas, nº 110, C.P. 27880, concello de Burela, provincia de Lugo e con nacionalidade española.
- D^o. José Pablo Franco López con DNI 3333352OB veciño de Lugo, Erín 17 3^oC, C.P. 27002, concello de Lugo, provincia de Lugo a con nacionalidade española.
- D^o. Rodolfo Luís Ferradás Blanco con DNI 332043916 veciño de Santiago de Compostela, rúa Raiola, nº 1, C.P. 15702, concello de Santiago de Compostela, provincia de A Coruña e con nacionalidade española.
- D^a. María Xosé González Cruz con DNI 88328199A veciña de Begonte, rúa Rio Ladra 17 P Baixa, C.P. 27003, concello de Lugo, provincia de Lugo e con nacionalidade española.
- D^a Herminia Piñón Custodio con DNI 769329301T veciña de Ponte-Caldelas, lugar Santa Ana, 11^o 70, GP. 36828, concello de Ponte-Caldelas, provincia de Pontevedra 6: con nacionalidade española.
- D^o Fernando Sueiro Barreiro con DNI 32823639V veciño de A Coruña, rúa César Alvajar Diéguez 1 P01 B, OR 15009, concello de A Coruña, provincia A Coruña 6 con nacionalidade española.
- D^a. María de los Dolores Alvedro Cao con DNI 32785967L veciña de A Coruña, Rnda. Monte Alto 24 P08 D, C.P. 15002, concello de A Coruña, provincia de A Coruña e con nacionalidade española.
- D^a. Beatriz López Seijo con DNI 44810510R veciña de Milladoiro, rúa Travesa 4 P03 F, OR 15895, concello de Ames, provincia de A Coruña 6 con nacionalidade española.
- D^a. Vanessa Loureiro Garcia 0011 DNI 44836757M veciña de Padrón, rúa Bordel, no 11 3" D, OR 15900, concello de Padrón, provincia de A Coruña 6 con nacionalidade española.
- D^a. Iria Mantilla Álvarez con DNI 36098536J veciña de Vigo, rúa Condessa Casa Bárcena 9 P02 D, C.P. 36204, concello de Vigo, provincia de Pontevedra e con nacionalidade española.

- D^a. M^a Teresa Saco Coya con DNI 34963909E veciña d6 Gustei, rúa Camiño da Costa, 11º 3 GP. 32100, concello de Coles, provincia de Ourense e con nacionalidade española.
- D^a. Rocío Buño Mallo con DNI 44845408P veciña de Tordoia, lugar Vilar-Castenda nº 9, GP. 15684, concello de Tordoia, provincia de A Coruña e con nacionalidade española.
- D^a Isabel Rio Salgado con DNI 17739014B veciña de A Coruña, Rúa Antonio Rios, nº 4, GP. 15009, provincia de A Coruña e nacionalidade española.

Coa finalidade de tratar o seguinte punto:

- Nomeamento do Órgano de Goberno da “Asociación Buxaina de Acción Socio – Educativa.

Todos eles maiores de idade e con capacidade de obrar ACORDAN nomear as seguintes persoas que formarán parte do Órgano de Goberno da “Asociación Buxaina de Acción Socio – Educativa:

- **Presidente:** D^o. José Pablo Franco López con DNI 3333352OB veciño de Lugo, Erín 17 3ºC, C.P. 27002, concello de Lugo, provincia de Lugo a con nacionalidade española, con teléfono 687938215.
- **Vicepresidenta:** D^a. Iria Mantilla Álvarez con DNI 36098536J veciña de Vigo, rúa Condessa Casa Bárcena 9 P02 D, C.P. 36204, concello de Vigo, provincia de Pontevedra e con nacionalidade española. con teléfono 615083431
- **Secretario:** D^o. Rodolfo Luís Ferradás Blanco con DNI 332043916 veciño de Santiago de Compostela, rúa Raiola, nº 1, C.P. 15702, concello de Santiago de Compostela, provincia de A Coruña e con nacionalidade española, con teléfono 647344231
- **Tesoureira:** D^a. María Teresa Quelle Vidal con DNI 33857314A veciña de Burela, avda. Arcadio Pardiñas, nº 110, C.P. 27880, concello de Burela, provincia de Lugo e con nacionalidade española, con teléfono 609582850
- **Vogais:**
 - 1º.- D^a Herminia Piñón Custodio con DNI 769329301T veciña de Ponte-Caldelas, lugar Santa Ana, 11º 70, GP. 36828, concello de Ponte-Caldelas, provincia de Pontevedra 6: con nacionalidade española, con teléfono 667790140

2º.- D^a. M^a Teresa Saco Coya con DNI 34963909E veciña d6 Gustei, rúa Camiño da Costa, 11º 3 GP. 32100, concello de Coles, provincia de Ourense e con nacionalidade española, con teléfono 696986266

3º.- D^o Fernando Sueiro Barreiro con DNI 32823639V veciño de A Coruña, rúa César Alvajar Diéguez 1 P01 B, OR 15009, concello de A Coruña, provincia A Coruña 6 con nacionalidade español, con teléfono 606387286

E sen máis asuntos que tratar levántase a sesión, cando son as 14 horas do día 15 de Maio de 2014.



PRESIDENTE



SECRETARIO

